

MÁSTER EN SERVIZOS CULTURAIS

TRABALLO FIN DE MÁSTER

**DA OUTRA OURELA Á CHAIRA: MEMORIAS DAS MULLERES DA
COLONIZACIÓN**

AUTORA: ZAIDA VILLANUEVA GARCÍA

TITORA: ANA CABANA IGLESIA

CURSO 2022/2023

MÁSTER EN SERVIZOS CULTURAIŠ

Traballo Fin de Máster

**DA *OUTRA OURELA* Á CHAIRA:
MEMORIAS DAS MULLERES DA COLONIZACIÓN**

Autora: Zaida Villanueva García

Titora: Ana Cabana Iglesia

Curso 2022/2023



Asdo: Zaida Villanueva García

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Contidos.....	4
2.1. Recuperación de memoria e proxectos inspiradores.....	4
2.2. Contexto histórico.....	9
2.3. As mulleres da colonización de Veiga de Pumar	16
2.4. Propostas de accións culturais.....	24
3. Conclusións	31
4. Bibliografía citada	34
5. Apéndices.....	37
5.1. Guión de preguntas para as entrevistas	37
5.2. Primeira acción cultural: xuntanza reivindicativa da memoria feminina	45
5.3. Accións culturais periódicas	48
5.3.1. Acción 1: “Ninguén queda e outras persoas virán”	49
5.3.2. Acción 2: “Recordando ca retina”	52
5.3.3. Acción 3: “Tendendo pontes en feminino”	64
5.3.4. Acción 4: “Volver ao punto de partida”	65

1. Introducción

Preguntábase Julio Llamazares en *Distintas formas de mirar el agua* (2015): “¿Cómo habría sido mi vida de no haberse cruzado en la trayectoria de mi familia la orden de un ingeniero que decidió detener el río como el que decide detener el tiempo?” (p. 67). Este proxecto nace da curiosidade por dar resposta a unha pregunta similar: como sería a vida das mulleres que coñezo dende nena se non tiveran ido para Veiga de Pumar no contexto da colonización de A Terra Chá a consecuencia da construción do encoro de Grandas de Salime?

Para acercarme ás posibles respostas era preciso rastrexar a memoria desas mulleres co fin de poñela en valor e indagar se as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) podían axudar no proceso. Foi unha labor na que as protagonistas, con grande xenerosidade, compartiron as súas historias de vida ofrecendo así o substrato sobre o que situar unha proposta de acción cultural que permita, dunha banda, entender as súas experiencias e o contexto no que se produciron, e doutra, favorecer a creación de comunidade en torno á experiencia compartida. Ese substrato ten un gran valor histórico e cultural xa que supón a recuperación de memorias individuais que se entrelazan e forman parte da memoria histórica da colonización, o que representa “uno de los ejemplos más significativos de la «contrarreforma agraria» franquista” (Cabana Iglesia, 2020, p.161).

A perspectiva de xénero que se lle deu ao proxecto foi premeditada e conecta coa idea de subalternidade como posición sen identidade expresada por Gayatri Spivak en *Can the Subaltern Speak?* (1988). Nese texto no que a autora se preguntaba pola posibilidade de teren voz, ou máis ben seren escoitados os membros dos grupos e clases subalternas, sinalaba que a dos suxeitos femininos se atopaba sumida nunha escuridade moito máis profunda das marxés. Dentro do proceso de colonización de A Terra Chá a voz das mulleres é posiblemente a visión desa realidade máis ignorada. Por unha parte, polas institucións do momento, pois como recorda Lanero Táboas “durante la dictadura la mujer fue convertida en un espectro subalterno

carente de derechos” (2018, p. 72). Valga sinalar neste sentido o feito de que só se entregaban parcelas de colonización a nome de pais de familia, que habían de estar casados e teren fillos (Cabana Iglesia, 2020). Por outra, pola academia, pois se ben existen estudos detallados e diversos sobre a colonización, a voz das mulleres non representa o eixo central de ningún deses traballos académicos. A pretensión do proxecto é, polo tanto, facer unha proposta novidosa que permita recoñecer e dar visibilidade a esas voces non escoitadas para que sexan elas as protagonistas dunha acción cultural orientada a recuperar, defender, protexer e difundir o patrimonio cultural material e inmaterial da súa comunidade.

Nas páxinas que seguen abórdase, en primeiro lugar, unha análise de varias iniciativas de recuperación de memoria que serviron de inspiración para o desenvolvemento da proposta. A continuación, ofrécese unha explicación detallada do proceso de construción do proxecto na que se inclúe o contexto histórico do que se parte, as súas protagonistas, o proceso de entrevistas feitas e a recompilación de materiais gráficos e audiovisuais. Finalmente, preséntanse a acción cultural prevista para a posta en valor desta memoria feminina colectiva e considéranse os posibles seguintes pasos dun proxecto vivo no que se busca que sexan as súas protagonistas as que decidan como darlle continuidade no tempo.

2. Contidos

2.1. Recuperación de memoria e proxectos inspiradores

A recuperación de memoria da que parte este proxecto ten o seu fundamento na idea expresada por Raymond Williams de que “a cultura vivida nun tempo e un lugar concretos é só completamente accesíbel a aquelas persoas que viven nese momento e lugar” (1975, como se citou en Campoy García, 2016, p. 9). Calquera acción cultural proposta para poñer en valor a memoria das mulleres da colonización necesitaba polo tanto basearse nas súas experiencias de vida. Ademais, dende o punto de vista do que se entende por cultura, adoptouse a concepción

social da mesma, pois é segundo esta definición que na idea de cultura debe incluírse a análise “das formas de organización da produción, a estrutura da familia, a estrutura das institucións que expresan ou gobernan as relacións sociais, as formas nas que se comunican os membros da sociedade...” (Williams, 1975, como se citou en Campoy García, 2016, p. 10). A investigación académica existente sobre o proceso de colonización permite acceder a información detallada sobre este, pero non a todos os elementos mencionados na definición, que tamén deben ser integrados no estudo para poder acceder a unha comprensión máis global do modo de vida do momento. De aí a importancia de escoitar e prestar atención aos relatos das mulleres da colonización para achegar a(s) historia(s) que non aparece(n) nos documentos escritos realizados por mans masculinas e inspirados por discursos tamén masculinos. Trátase de poñer en valor a importancia de facer historia dende abaixo e dar sentido á historia oral baseada no testemuño colectivo dun grupo social concreto. Unha historia oral que non debe ser entendida como suplemento da escrita, senón como historia que ten sentido en si mesma ao crear un fondo de arquivo específico e ofrecer unha aproximación privilexiada ao proceso de colonización a través das persoas que viviron nese momento e lugar, as únicas para quen o sentir dese momento e lugar concretos foi completamente accesible, como indicaba Williams.

Na configuración da acción cultural que se presenta neste TFM non se traballou nun baleiro. Nela influíron en grande medida outras iniciativas culturais sobre recuperación de memoria que de maneira orixinal, e cada unha delas cunha aproximación diferente, se presentan como proxectos colectivos e colaborativos en progreso. O primeiro destes proxectos é “Fálame de San Sadurniño”¹, unha iniciativa participativa que combina cultura e oralidade no contexto rural de San Sadurniño dando o protagonismo á súa veciñanza. Este remóntase a 2013, cando a responsable da aula CeMIT (Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica) do

¹ A descuberta deste proxecto foi posible grazas ao encontro virtual coa persoa que o arrancou, Carmen Suárez, durante unha sesión organizada por Ana Cabana Iglesia, docente responsable da materia “Cultura escrita e oralidade: investigación, recuperación, xestión” do Máster en Servizos Culturais, en marzo de 2021.

Concello de San Sadurniño, Carmen Suárez, propuxo a realización duns obradoiros colaborativos nos que aprender a dixitalizar e xeolocalizar fotografías axuntando a gravación dun audio explicativo e subindo o resultado ao espazo na rede falamedesansadurnino.org. Nacían así as “fotos faladas”, algo aparentemente simple que pon en valor pequenas vivencias individuais da memoria da comunidade ao mesmo tempo que fomenta a aprendizaxe do emprego das TIC. As fotos faladas foron o primeiro paso dun proxecto que segue a medrar mediante novos cursos e iniciativas participativas, non só centrado no pasado senón na actualidade de San Sadurniño e que inclúe elementos gráficos e audiovisuais que converteron a páxina web no reflexo dun espazo vivo e participativo de memoria e creatividade (Fálame de San Sadurniño, s.d.).

Dentro da iniciativa hai diferentes seccións que foron incorporándose co tempo, con vídeos agrupados por temáticas diferentes e ata un encontro de creación audiovisual colectiva que reúne persoas creadoras do audiovisual galego para representar con liberdade o territorio do concello, o Chanfaina’Lab, que en 2022 celebrou a súa sétima edición (Fálame de San Sadurniño, s.d.). Pero, quizais unha das seccións máis novidosa e que acadou grande éxito foi a webserie “Teño unha horta en San Sadurniño” que conta cunha canle propia en YouTube. Nestes vídeos curtos protagonizados, dirixidos e gravados por mulleres maiores de San Sadurniño, preséntanse distintos aspectos de como traballar unha horta, consellos útiles e remedios caseiros, experimentos con cultivos novidosos e opinións sobre temas de actualidade con moita retransca e humor (Teño unha horta en San Sadurniño, s.d.). A actividade, que combina a alfabetización dixital e audiovisual coa preservación dos saberes da agricultura tradicional recibiu varios galardóns como a *Mellor webserie VO en galego* do festival Carballo Interplay en 2015, ou o premio á *mellor iniciativa cultural dirixida a persoas maiores da Fundación DomusVi* en 2017 (Fálame de San Sadurniño, s.d.)

No seu conxunto, o proxecto tamén recibiu numerosos recoñecementos como o premio á mellor iniciativa no concurso impulsado polo proxecto europeo ACTing- Axentes sociais como promotores do envellecemento activo a través das TIC, en 2015; ou o premio “Rodolfo Prada” á xestión cultural 2018, convocado pola Deputación Provincial de Ourense. En 2017, foi incluído pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural no banco de boas prácticas para a xestión cultural, un arquivo de proxectos seleccionados en base a criterios de innovación, efectividade nos seus resultados, exemplaridade inspiradora e transferibilidade (Fálame de San Sadurniño, s.d.).

Outro proxecto inspirador desta proposta é “A memoria das mulleres”² do Concello de Pontevedra, que naceu en 2013 co obxectivo de crear un arquivo documental, gráfico e audiovisual da historia das mulleres en Pontevedra contada por elas. A partir de entrevistas levouse a cabo un traballo de reconstrución do relato histórico e da memoria oficial mediante o estudo das fontes orais e escritas buscando compensar a exclusión das mulleres para darlle protagonismo e visibilidade ao papel destas na historia do concello e de Galiza (Do gris ao violeta, s.d.). Os primeiros resultados plasmáronse nunha exposición que levou por nome *Do Gris ao Violeta* e estivo acompañada pola publicación dun libro co mesmo título, iniciativas que axudaron a darlle visibilidade ao proxecto. En 2018 creouse a web DoGrisAoVioleta.gal, que permitiu empregar as TIC para recoller e divulgar o traballo realizado e os recursos recompilados, e presentalos como unha enciclopedia virtual ca que dar visibilidade as mulleres, dando o protagonismo ás das clases traballadoras en torno tres eixos temáticos: as mulleres de clase traballadora, as creadoras e as represaliadas polo franquismo (A memoria das mulleres, s.d.). A partir deste material o proxecto foi medrando e superou a labor de arquivo, levando a

² Parte da información obtida sobre este proxecto foi facilitada durante a Conferencia “Ao rescate de memorias en feminino” por unha das integrantes de MAOS Innovación Social, cooperativa de traballo asociado sen fins lucrativos, que colaborou na posta en marcha e desenvolvemento do proxecto. Esta conferencia foi promovida pola docente Ana Cabana Iglesia dentro do programa para a celebración do 8M da Facultade de Humanidades no marco do Máster en Servizos Culturais en marzo de 2022.

cabo unha importante colaboración con asociacións e centros educativos para promover o estudo e divulgación sobre as mulleres na historia de Pontevedra. Ademais de desenvolver recursos diversos como publicacións e ata xogos, o proxecto asumiu unha labor activa na reivindicación do espazo público dentro da que pode destacarse a creación de roteiros urbanos centrados na historia e a memoria das mulleres que contan con audios en forma de Podcast localizados no mapa da cidade. Isto convérteo nun recurso cun potencial pedagóxico e divulgativo moi importante (Do gris ao violeta, s.d.).

Finalmente, outro proxecto que cómpre sinalar forma parte do libro *Detendrán mi río. Desarraigo y memoria en un rincón de la España sumergida* de Virginia Mendoza (2021). Este trata a temática do desprazamento forzoso de persoas e as súas consecuencias pola construción de grandes encoros centrándose nun caso concreto, a horta de Cauvaca no concello de Caspe, Zaragoza. Presenta unha historia que resoa con outras moitas, entre elas a de Negueira de Muñiz e a colonización de A Terra Chá, pois representa unha realidade non illada se temos en conta que o noso país é o primeiro da Unión Europea en número de grandes encoros e o quinto do mundo, e que a maioría deles se construíron durante o franquismo a partir da década de 1950 (Mendoza, 2021). A orixinalidade do proxecto, supera o libro en si, pois vai acompañado dunha páxina web á que se pode acceder mediante un código QR dende o propio libro. Esta preséntase como un mapa-reportaxe no que se localizan algúns dos pobos inundados acompañados de historias, lendas, recordos, etc. Pero é ademais un proxecto vivo que a autora espera que siga medrando pois está aberto á colaboración de lectores e outras persoas para ir completando o mapa e engadindo historias como unha forma de reivindicar a memoria destes espazos de desarraigo sumidos no esquecemento (Mendoza, s.d.).

2.2. Contexto histórico

A proposta de acción cultural que aquí se presenta parte dun contexto histórico moi preciso que é necesario explicar para entender a singularidade do campo de estudio desta investigación. A política de colonización franquista tiña unha finalidade económica moi diferente á forma de agricultura orgánica e de policultivo asentada no recurso aos montes veciñais que caracterizaba ata daquela o sistema de explotación da comarca de A Terra Chá, e perseguía un proxecto de desenvolvemento de tipo intensivo co que transformar o campesiño nun empresario agrícola (Cabana Iglesia, 2020). No marco desta política o Instituto Nacional de Colonización (INC), transformado en Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario (IRYDA) en 1971, chegou a construír 264 pobos de colonización en España, a maior parte de nova planta, formados por cerca de 30.000 vivendas (Bosque Maurel, 1984). A pesar de que o programa colonizador franquista non tivo moito impacto en Galicia, pois foron moi poucas as iniciativas proxectadas para este territorio, emprendéronse algunhas accións relacionadas coa posta en regadío e a drenaxe de terras agrarias como as de A Limia (Ourense), Lemos (Lugo) ou a Illa de Ons (Pontevedra). Mais sería no asentamento de A Terra Chá (Lugo) no único que se incluíu a construción de vivendas e asentamento de colonos (Cabana Iglesia, 2020). Este é precisamente o espazo no que nos centraremos.

O asentamento colonizador arrancou en 1954 e ocupou un espazo de case 3.000 hectáreas de planicie divididas entre dous municipios: Castro de Rei e Cospeito.




Figura 1: Localización de A Terra Chá (Cabana Iglesia, 2008)

A superficie ocupada para crear esta nova estrutura poboacional correspondía na súa práctica totalidade (85%) a montes comunais, sendo o resto zonas húmidas (Cabana Iglesia, 2010). O modelo que se impuxo en A Terra Chá baseouse na explotación gandeira intensiva especializada na produción láctea subordinada ao mercado, tanto polo destino da súa produción como polo alto consumo de inputs agroindustriais (Cardesín Díaz, 1987). O Plan Xeral de Colonización de A Terra Chá de 1956 prevía a creación de catro novos núcleos de poboación divididos en tres sectores: A Espiñeira (Sector I), Arneiro (Sector II-A) e Veiga de Pumar (Sector II-B) e Matodoso (Sector III), cun total de 189 unidades familiares de explotación (Cabana Iglesia, 2010).

O proxecto inicial sufriría varios axustes a medida que se puxo en marcha e se dilatou no tempo, dende a variación do número de vivendas proxectadas e a súa estrutura, ata o readaptación das superficies regables e o seu tamaño. Matodoso foi a primeira colonia en habitarse entre 1958 e 1962, cun total de 114 colonos, nunha época marcada pola recuperación económica e o comezo da industrialización. Os outros dous sectores serían ocupados case unha década máis tarde no período de 1966 a 1968, xa en época de desenvolvemento económico. Dentro do sector II, en Arneiro instaláronse 44 familias e en Veiga de Pumar, 20 familias. Finalmente, en A Espiñeira establecéronse 12 familias, quedando concibido como un conxunto de casas dependente dos demais sectores de colonización e das parroquias nas que se fundou (Zas Gómez, 2002).




Figura 2: mapa do proxecto de colonización de A Terra Chá (Cardesín Díaz, 1987)

En canto á ordenación dos asentamentos, optouse por un modelo disperso pero flexible no que as vivendas non formaban un todo agrupado senón que se proxeccionaron con certa distancia entre unhas e outras, pero en grupos de dúas, tres ou catro. O INC aportaba lotes de terreo, parte dos cales estaban dotados de regadío, a vivenda e as dependencias agrícolas (Zas Gómez, 2002). Estes enclaves coloniais tamén presentaban a singularidade de non ser concibidos como novos municipios, nin parroquias, senón que pasaron a formar parte dos municipios sobre cuxos terreos se crearon, pero que contaban con igrexas e cemiterios propios, o que representaba unha alteración en relación á ordenación tradicional do territorio (Cabana Iglesia, 2020). Isto deu lugar a singularidades como o feito de que unha parte de Veiga de Pumar pertenza a Castro de Rei e outra parte a Cospeito, pero tamén á existencia de “dos comunidades igualmente *extrañadas*, la conformada por los colonos y la instituída por los

vecinos «de siempre» (Cabana Iglesia, 2020, p. 170). Algo que determinará as formas de socialización entre uns e outros, especialmente nos primeiros anos.

Xunto coas unidades familiares de explotación, nome dado ás casas e fincas de colonos, os tres pobos de colonos creados en A Terra Chá contaban cun centro cívico, máis simple en Veiga de Pumar, que os de Matodoso e Arneiro, debido ao tamaño máis reducido do primeiro. Estes ocupaban unha posición central con aspecto urbano e acollían os servicios de escola, igrexa, subministración de maquinaria e insumos agrícolas, pequeno comercio e, nalgúns casos, ata atención médica. As edificacións estaban dispostas en torno a prazas axardinadas, presididas por unha fonte e abertas por un dos lados ao paisaxe colonizado (Zas Gómez, 2002). As vivendas destes centros cívicos estaban reservadas para os traballadores do INC e as súas familias, e neles concentrábanse todas as instancias de poder (técnicos, capataces, maiorais, párrocos e mestres), pois estaban concibidos para dominar o espazo e aos seus habitantes, así como a forma de socializar dos mesmos (Cabana Iglesia, 2020).




Figura 3: Plano do proxecto de centro cívico para Veiga de Pumar de 1958 (Iglesias Martínez, 2020).

Polo que respecta ás vivendas dos colonos, estas foron pensadas como parte dun todo que era a explotación rural, aparecendo unidas a dependencias agrícolas (alpendres, cortes, silos, galiñeiros, etc.) dispostas en torno a un patio. A tipoloxía de vivenda que se repetía en cada parcela foi diferente en Matodoso, primeiro dos asentamentos creados, nas que tiñan unha soa planta. Nos sectores I e II, adoptáronse dous tipos de vivenda de dúas plantas, máis adaptadas ás condicións climáticas e acordes á tipoloxía da arquitectura tradicional da zona, debido en gran medida ás críticas desfavorables dos colonos do sector III (Zas Gómez, 2002). En calquera caso, todas as vivendas destacaban pola súa cor branca ao estar encaladas totalmente nas do sector III e na planta superior nas dos sectores I e II. Ademais, o interior das casas representaba unha novidade importante con respecto á arquitectura tradicional, destacando que todas elas contaban con aseo e estancias divididas, e os animais xa non estaban na planta baixa, perdéndose así unha importante fonte de calor (Cabana Iglesia, 2020). Todos estes aspectos marcaron de maneira significativa a memoria das mulleres da colonización, como se comentará posteriormente.



Figura 4: vista das unidades familiares de explotación en Veiga de Pumar arredor de 1970 (Arquivo persoal da autora)

As condicións que o réxime ofrecía aos colonos para instalarse no asentamento pasaban por un período de proba de cinco anos nos que poñer en marcha as explotacións sen ter que comezar a efectuar os pagos. O INC subministraba ao colono gando para produción láctea, inputs agroindustriais e maquinaria en condicións de amortización favorables, pero asumía todas as decisións e o control, sendo os colonos man de obra asalariada (Cabana Iglesia, 2010). Había polo tanto unha dependencia económica do INC, pois este era propietario de todo, e tamén social e política, xa que o Instituto asumía funcións municipais como a supervisión dos colonos e a xestión dos poderes locais, sendo cargos como o de mestre, párroco ou maioral asumidos como unha especie de funcionarios do INC (Cardesín Díaz, 1987).

Polo que respecta á orixe dos colonos que se instalon nos asentamentos de A Terra Chá, non se buscaba remediar problemas sociais como o desigual reparto da propiedade ou o paro estacional (Cardesín Díaz, 1987). Inda que inicialmente se proxectou dar preferencia aos interesados das parroquias veciñas, finalmente o INC vainos recrutar na súa inmensa maioría lonxe destas debido en gran medida ao rexeitamento cara ao proxecto por parte daqueles afectados pola expropiación dos montes comunais ou a falta de confianza no éxito do proxecto que tiñan aqueles que coñecían a natureza das terras facilmente anegables (Cabana Iglesia, 2010). Moitos colonos procedían dos substratos económicos máis baixos da sociedade rural como caseiros, campesiños sen terras que traballaban como xornaleiros, artesáns, ou segundos ou terceiros fillos de familias nas que polo sistema tradicional de herdanza correspondía ao fillo maior, o meirazo, a vivenda e propiedades familiares (Cabana Iglesia, 2020). Porén, unha gran parte dos recrutados eran damnificados das propias políticas franquistas, como as repoboacións forestais ou a construción de encoros, que se estaban vendo obrigados a emigrar por ser privados do seu modo de vida tradicional. A colonización convertíase así nunha emigración interna alternativa (Cardesín Díaz, 1987).

Cabana Iglesia fala de “colonos obrigados” para referirse a estas vítimas (2010), que no caso do asentamento de Veiga de Pumar representaron a totalidade dos colonos establecidos. Todas as familias deste asentamento procedían ademais do mesmo concello, Negueira de Muñiz, no extremo oriental da provincia de Lugo, que pola construción do encoro de Grandas de Salime a mediados da década de 1950 perderan parte das súas terras de cultivo e quedaron practicamente incomunicados (López Rodríguez, 2019). En concreto, a construción do encoro deixou o municipio dividido cando a auga cubriu as pontes que unían as distintas parroquias. A zona do concello que quedou máis illada correspondía a dúas parroquias, Barcela e San Pedro de Ernes, e pasou a coñecerse como a “outra ourela” quedando máis deprimida e esquecida (López Pombo, 1994). Foi desta parte do concello da que saíron os colonos de Veiga de Pumar, quedando practicamente deshabitada. Non sería ata pasado un tempo, xa na década de 1970, que este illamento propiciou o establecemento dunha comuna do movemento hippie na “outra ourela” que se foi espallando por varias das aldeas abandonadas de Foxo, Ernes, Vilauxín ou Barcela. Hoxe a comuna desapareceu como tal e a comunicación entre as dúas partes do municipio resulta máis sinxela pola construción dunha ponte e unha estrada en 1989 (López Rodríguez, 2019). Así e todo, ningunha das familias de colonos decidiron volver a establecerse nas súas vivendas orixinais, inda que son varias as familias que rehabilitaron as casas e as teñen como segundas vivendas, convivindo coa poboación derivada da comuna.

Cómpre destacar a grande riqueza natural e paisaxística da zona de Negueira de Muñiz con varios espazos protexidos pola Rede Natura 2000 e a Rede de Reservas da Biosfera. Ademais, os núcleos de poboación da “outra ourela” sitúanse na ribeira do río Navia, sendo terras que, se ben contan con ladeiras pendentes, son moi fértiles, con moitas fontes naturais de auga e temperaturas non excesivamente frías en inverno e cálidas en verán. Isto permite o desenvolvemento de todo tipo de cultivos agrícolas sendo, por exemplo, unha zona de grande tradición vinícola, combinados cunha masa forestal moi frondosa (López Rodríguez, 2019).



Figura 5: aldea de Foxo en Negueira de Muñiz na década de 1990

(López Pombo, 1994).

A Terra Chá e Negueira de Muñiz representan dúas paisaxes naturais, culturais e históricas totalmente diferentes. Por iso, resulta de grande interese analizar como foi a adaptación das familias desprazadas a Veiga de Pumar no marco da colonización de A Terra Chá. Inda que todas elas tiñan a mesma orixe e todas recibiron unha parcela estando tuteladas polo INC cabe esperar que a mudanza imposta tivera efectos diferentes que determinarán a forma de socializar e crear comunidade no novo contexto de colonización. É por estes motivos que singularizan o asentamento de Veiga de Pumar que o proxecto proposto se centra neste núcleo específico e especial, e non en toda a colonización.

2.3. As mulleres da colonización de Veiga de Pumar

Para estudar esa adaptación e partindo dunha posición privilexiada, pois formo parte da primeira xeración de persoas nadas en Veiga de Pumar e das poucas que é filla de dous veciños dos que viviron esa mudanza como nenos e formaron unha familia en Veiga de Pumar, rastreei ás mulleres do pobo que coñezo dende nena. Porén, ignoraba moitas das súas

experiencias e devir vital, e despois de ter investigado sobre a colonización, presentábanse como una fonte única de información coa que entender mellor o proceso e a influencia que este tivo nas súas e na miña vida, pero tamén máis alá dese contexto próximo. Medrar nun asentamento de colonos case vinte anos despois de que se creara fixo que a realidade peculiar que me rodeaba fora normalizada, e non sería ata a adolescencia que empezasen a xurdir “por ques” e “comos” que non sempre resultaba sinxelo responder. Por que todas as casas eran iguais? E por que o centro de Arneiro era idéntico ao de Veiga de Pumar? Para que servían eses silos que entón se vían sempre baleiros e os máis novos usabamos para crear cabanas na súa parte máis alta? Por que falabamos diferente da xente da contorna? Por que se recordaba Negueira de Muñiz con grande cariño pero nunca se ía de visita? Sería xa no contexto universitario que descubriuse que existía interese académico por entender esa realidade que xente moi achegada vira xurdir, medrar e mudar. Inda que xa moi cambiado, o escenario no que transcorreron os primeiros anos da miña existencia recobran un novo valor e estaba na miñas mans acceder a información de primeira man que permitise unha mellor comprensión do proceso histórico colonizador, do que este supuxo para as súas protagonistas e a posibilidade de que servira como forma de crear comunidade e mellorara o coñecemento sobre o mesmo.

As mulleres de Veiga de Pumar que me viran medrar eran as depositarias das respostas que andaba buscando e, por iso, procedín a contactar con elas para explicarlles o proxecto que quería levar a cabo e pedirilles a súa colaboración. Non obstante, debido ao tempo transcorrido xa non foi posible contar con todas as mulleres que viñeron. Algunhas xa faleceron e outras son moi maiores e as súas familias consideraron inviable que foran entrevistadas por cuestión de saúde. Isto aínda deu máis sentido ao proxecto, pois con elas desaparece un patrimonio inmaterial dificilmente recuperable doutro xeito. Finalmente, foron un total de 12 as mulleres que accederon a compartir as súas historias de vida mediante entrevistas semiestructuradas de final aberto. Máis de 120 horas de conversas nas que se foron atopando temáticas recorrentes,

momentos traumáticos e de ledicia, sentimentos de morriña e orgullo, capacidade de adaptación e esforzo para sacar adiante ás súas familias nun contexto imposto no que desenvolveron novas habilidades e adaptaron costumes que traían do seu lugar de orixe. En definitiva, historias de superación que compoñen un substrato de valor histórico, antropolóxico e comunitario sen precedente.

Todas as mulleres entrevistadas están vinculadas a Veiga de Pumar pero de diferente forma, polo que se decidiu dividilas en tres grupos e adaptar minimamente o guión de preguntas en función das súas diferentes perspectivas. O primeiro grupo está formado por mulleres que se trasladaron a Veiga de Pumar e seguen vivindo alí na actualidade (catro mulleres); o segundo está integrado por mulleres que se trasladaron a Veiga de Pumar pero xa non viven alí (cinco mulleres); e o terceiro está formado por mulleres de A Terra Chá que casaron con colonos de Veiga de Pumar (tres mulleres). As entrevistas leváronse a cabo nas casas de cada unha destas mulleres, salvo en dous casos nos que preferiron facelo na casa dunha veciña. O proceso de entrevistas non só tivo lugar en Veiga de Pumar, senón tamén en Lugo, Castro Ribeiras de Lea, Xixón, Ourense e Santalla. Todas as entrevistas foron gravadas en vídeo, excepto tres, que preferiron limitarse a audio. En canto ao aspecto técnico, contouse co apoio en materia audiovisual de Andrea Maseda Prado para a realización dunha parte dos vídeos e fotografías que resultou clave para garantir unha calidade de son e imaxe aceptable.

Co fin de que o proceso fose o máis cómodo posible para as mulleres, houbo un primeiro encontro antes do día da entrevista no que se lles explicou o proxecto e a súa finalidade, se lles pediu a colaboración, se firmaron os permisos pertinentes para facer as gravacións, e se decidiu a data para facer a entrevista.



Figura 6: Momento da entrevista a Consuelo Campa Rúa

(Fotografía de Andrea Maseda Prado)

Dentro do primeiro grupo entrevistouse a **Consuelo Campa Rúa**, nacida en Boelle, Negueira de Muñiz, o 15 de agosto de 1936. Chegou dende Berducedo (Allande, Asturias, cerca de Negueira), onde tiña unha tenda co seu marido, para rexentar xuntos a taberna do centro cívico de Veiga de Pumar. Hoxe xubilada, segue vivindo na mesma casa, na que foi entrevistada o 14 de outubro de 2022 (1 hora e 10 minutos). Outra das mulleres deste grupo foi **Carmen García Fernández**, nacida en Santalla, Negueira de Muñiz, o 15 de setembro de 1945. Inda que orixinaria de Santalla, chegou a Veiga de Pumar dende Ernes, onde casara uns anos antes. Os seus pais e irmáns mudáronse a Veiga de Pumar ao mesmo tempo e ocuparon a parcela contigua. Foi entrevistada na súa casa de Veiga de Pumar o 12 de novembro de 2022 (34 minutos). Pola súa parte, **Rosario Muñiz Campo**, nacida en Ernes, Negueira de Muñiz, o 13 de outubro de 1959, chegou a Veiga de Pumar de nena cos seus pais e irmáns, e fíxose responsable da explotación despois de casar cun mozo de Castro Riberas de Lea. Foi entrevistada na súa casa de Veiga de Pumar o 13 de novembro de 2022 (38 minutos). Finalmente, **María Trinidad Blanco López**, nacida en Foxo, Negueira de Muñiz, o 12 de

febreiro de 1952, instalouse en Veiga de Pumar cos seus pais e irmáns, mais o seu pai traballaba na mina e ausentábase con frecuencia, polo que foi a súa nai a que sacou adiante a explotación. Foi entrevistada na casa da súa veciña Rosario Muñiz Campo en Veiga de Pumar o 13 de novembro de 2022 (53 minutos).

O segundo grupo inclúe a **María Luisa García Fernández**, nacida en Santalla, Negueira de Muñiz, o 17 de xaneiro de 1960. Viviu en Veiga de Pumar ata ser adolescente, cando primeiro foi a traballar cuns tíos xastres en As Pontes e despois trasladouse a Lugo e Madrid para estudar. Volveu a Veiga de Pumar onde casou co fillo de Consuelo Campa Rúa, e viviu alí ata mudarse a Lugo a principios da década de 2000. Foi entrevistada na súa casa en Santalla, Negueira de Muñiz, o 22 de outubro de 2022 (1 hora e 27 minutos). Outra muller deste grupo é **Amelia García Fernández**, nacida en Santalla, Negueira de Muñiz o 22 de setembro de 1962, e irmá da anterior. Viviu en Veiga de Pumar ata emigrar a Suíza con 19 anos onde tiña unha irmá. Volveu a España dous anos despois e instalouse en Xixón, comezando a traballar cun irmán que tiña un negocio de hostalaría. Hoxe segue a vivir en Asturias. Foi entrevistada na súa casa en Xixón o 30 de outubro de 2022 (50 minutos). De idade similar ás anteriores temos tamén neste grupo a **María del Carmen Méndez Arias**, nacida en Cancio, Negueira de Muñiz, o 28 de abril de 1960. Instalouse en Veiga de Pumar cos seus pais e o seu irmán. Foron das primeiras familias en vender a parcela en 1990 despois de abonar todas as cotas pendentes de pago e mudarse. Foi entrevistada na súa casa en Ourense o 3 de novembro de 2022 (1 hora e 27 minutos). Pola súa banda, **Enedina Fernández López**, nacida en Foxo, Negueira de Muñiz, o 5 de abril 1948, trasladouse a Veiga de Pumar ca súa familia, pero pouco despois mudouse a Madrid, onde entrou como interna nunha casa, quedando a parcela a cargo de seu irmán. Dende fai uns anos vive en Castro Ribeiras de Lea, onde foi entrevistada o 13 de novembro de 2022 (1 hora e 3 minutos). Finalmente, temos a **Elena Cadenas Méndez**, nacida en Ernes, Negueira da Muñiz, o 19 de marzo 1954. Instalouse en Veiga de Pumar cos seus pais

e irmáns, pero tamén saíu pronto de Pumar para traballar coidando uns nenos en Xixón, primeiro, e acompañando á súa irmá en A Coruña, máis tarde. O seu irmán maior fíxose cargo da parcela e o resto de irmáns trasladáronse a diferentes lugares. Agora vive en Lugo, onde foi entrevistada o 14 de novembro de 2022 (42 minutos).

O terceiro grupo compóñeno **María Isabel Castro Pillado**, nacida en Bazar, Castro de Rei, o 11 de setembro de 1952. De rapaza foise de interna a unha casa en Barcelona e xa estando aló era moza dun dos colonos vidos de Ernes, co que finalmente casou. Como era o meirazo da casa volveron a Veiga de Pumar e fixéronse cargo da parcela, que agora rexenta o seu fillo ao que seguen axudando. Foi entrevistada na súa casa de Veiga de Pumar o 21 de outubro de 2022 (1 hora e 28 minutos). Outra das mulleres casadas con colonos foi **María Olga López Campos**, nacida en Momán, Cospito, o 19 de xullo de 1954. Despois de casar viviron durante un tempo cos sogros na parcela que rexentaban de Veiga de Pumar, pero finalmente decidiron trasladarse a Xixón, onde segue residindo, pois eran demasiadas persoas para vivir da parcela. Foi entrevistada na súa casa en Xixón o 30 de outubro de 2022 (41 minutos). Por último, **María Luz Iglesias García**, nacida en Bazar, Castro de Rei, o 8 de abril de 1962, instalouse na parcela dos sogros despois de casar con outro colono e fixéronse cargo da mesma cando se xubiláron os sogros. Hoxe segue a vivir nesa mesma parcela. Foi entrevistada na casa da súa veciña Carmen García Fernández o 12 de novembro de 2022 (28 minutos).

A elaboración do guión de preguntas³ fíxose a medida que se consultaba bibliografía especializada sobre o proceso de colonización de A Terra Chá e sobre Negueira de Muñiz. Foron xurdindo así temáticas que parecían de interese para entender as diferentes interpretacións dun mesmo proceso. Estas temáticas corresponden a varios aspectos tales como o lugar de orixe das entrevistadas, a vida aló e a decisión de marchar; o comezo en Veiga de Pumar, a adaptación a ese novo espazo e o día a día alí; a realidade de Veiga de Pumar na

³ Para ver o guión de preguntas empregadas durante as entrevistas pode consultarse o apéndice 5.1.

actualidade e os recordos das distintas etapas vividas. Un aspecto clave foi explorar a opinión sobre o grado de adaptación ao marco espacial e profesional de Veiga de Pumar creado artificialmente por axentes externos. Todas as entrevistadas coincidiron en sinalar o pouco coñecemento que tiñan sobre a colonización antes do traslado e a dificultade que supuxo esta adaptación, especialmente nos primeiros anos. As palabras de María Trinidad son quizais as que mellor resumen o que todas expresaron dalgún xeito: “[cando chegamos] estaba todo branco, estaba todo novo, dache ua sensación así cando el ves que está moi bonito, pero claro, a realidá ven despois, desde que te pos a traballar [...] Os empezos son todos malos porque a terra houbo que amansala [...] Sen traballo non che estamos aquí”. A sensación de frialdade, literal e figurada, marcou tamén a memoria destas mulleres. Pasaron frío nunhas casas pouco pensadas para protexer contra este e sufriron dificultades nos primeiros anos, ata o punto de que xunto cas reticencias da veciñanza cara aos acabados de chegar xurdían actos de caridade por considerar que non ían lograr sobrevivir, como recordaban durante as entrevistas varias das mulleres. A modo de exemplo, pódese citar o que contaba Amelia García Fernández: “costou moito tempo poñelo a producir porque era monte [...] Recordo vir xente dos arredores a traerlle un bolo de pan a miña mai cuando cocían [...] Cada vez que cocían viñan a traerlle un bolo de pan porque pensaban que íbamos a morrer de fame”. Porén, tamén se repetiu con frecuencia a ilusión ca que asumiron o traslado, pois ofrecía a esperanza de prosperar despois de ver limitada ao extremo a súa forma de vida en Negueira de Muñiz.

Outra temática significativa ten que ver cas formas de socialización e o sentimento de comunidade, pois este parece ter mudado co traslado e tamén co paso do tempo. Non todas as familias procedían da mesma aldea en Negueira de Muñiz pero ao ser do mesmo concello todas se coñecían, inda que só fose de oídas. Por iso, cabería esperar que se mantiveran os vínculos veciñais, tradicións e costumes que traían consigo. Non obstante, foron varias as mulleres que expresaron que a forma de socializar mudou en Veiga de Pumar. Por exemplo, as frecuentes

xuntanzas ao anoitecer en distintas casas para xogar ás cartas, compartir contos, etc., o que se coñecía como ir “de pola vila”, deixou de ser común. Como posibles factores que influíron neste cambio algunhas mencionaron a enorme carga de traballo que deberon asumir para poñer a producir as parcelas e o feito de que ao ter luz eléctrica se remataban as labores moito máis tarde. Outras fixeron referencia a que a relación era máis frecuente cas familias das casas que estaban pegadas, limitándose os encontros coa maior parte da veciñanza a contadas ocasións, como a festa do pobo, a misa dos domingos, e algúns bailes na taberna do centro cívico. Finalmente, algunha das mulleres fixo referencia tamén ao feito de que as diferencias existentes entre os pobos de Negueira de Muñiz se mantiveron en Veiga de Pumar, favorecendo as relacións entre familias que viñan das mesmas aldeas e menos as relacións entre xente de aldeas distintas. Independentemente do motivo ou motivos que propiciaron este arrefriamento das relacións informais, este parece ser un feito que foi a máis co paso do tempo. Todas as mulleres sinalaron que na actualidade case non se fan cousas en conxunto coa veciñanza. Cada vez son menos as persoas que viven en Veiga de Pumar e o peche da taberna do centro cívico fai uns anos foi visto como o derradeiro golpe para a socialización no pobo. Con todo, a relación entre as mulleres xa era limitada dende antes do fin da taberna e todas lamentaron a falta de sentir comunitario en Veiga de Pumar.

Tendo en conta esta realidade e o feito de que mulleres da colonización de Veiga de Pumar colaboraron no proceso de entrevistas con grande entusiasmo compartindo as súas historias de vida e algunhas facilitando fotografías de Negueira de Muñiz e os primeiros anos en Veiga de Pumar, apuntóuselles a posibilidade dun novo encontro colectivo no que compartir impresións sobre as entrevistas e xuntarse co resto de mulleres para valorar o proceso de recuperación de memoria. Todas elas mostraron interese na idea e en que o proxecto continúe máis alá das entrevistas, o que da sentido ás propostas de accións culturais que se presentan a continuación.

2.4. Propostas de accións culturais

Para a posta en valor das memorias e fotografías recompiladas era preciso buscar un formato que se conformase como reflexo dun espazo vivo e participativo de memoria e creatividade. Por iso, pensouse na creación dunha páxina web que se organice de maneira que sexa posible entender as experiencias das mulleres da colonización de Veiga de Pumar e o contexto das súas vidas a partir de contidos obtidos mediante varias accións culturais que a continuación se detallan. O potencial pedagóxico e informativo de tal recurso é innegable, mais para que non se converta nun arquivo estanco desconectado da realidade das súas protagonistas e sexa posible crear comunidade en torno á experiencia compartida é preciso darlles axencia a estas para que asuman un papel activo na evolución do proxecto e na toma de decisións sobre o mesmo. Isto require pensar nos contidos a incluír, na posibilidade de acceso libre ou limitado aos mesmos, en temas de privacidade, etc.; pero tamén, na capacitación necesaria en materia de TIC desas mulleres para que poidan facer seu o proxecto na medida das súas posibilidades e intereses.

Para avanzar na creación de comunidade entre as mulleres e xerar contidos cos que comezar a dar forma á páxina web elaborouse un plan de actividades, se ben cómpre deixar claro que este poderá modificarse en función do que decidan as mulleres participantes no proxecto, pois búscase que sexa un traballo colaborativo e comunitario. A primeira das accións consistiría nunha xuntanza na que compartir impresións sobre o proceso de memoria activado polas entrevistas, o que podería gravarse en vídeo como posible material a engadir na páxina web; valorar o que lles gustaría facer con ese material; e debater propostas nas que se sentirían cómodas participando. Para potenciar o carácter reivindicativo desta xuntanza e dar visibilidade ao proxecto de recuperación de memoria feminina, elixiuse a data do 8 de marzo de 2023 e, en principio, tería lugar na antiga escola de Veiga de Pumar, hoxe espazo de reunión da veciñanza case en desuso. Tamén se convidaría a este encontro a algunha representante de

proxectos de recuperación de memoria feminina como *Fálame de San Sadurniño* ou *Do Gris ao Violeta* que sirvan de inspiración para xerar ideas sobre a dirección na que avanzar. Deste xeito buscaríase dar un primeiro paso na creación de comunidade entre as entrevistadas, e de ser posible, animar a outras mulleres de Veiga de Pumar a unirse ao proxecto, especialmente as xeracións máis novas, inda que xa non vivan alí⁴.

Ademais de propoñer o plan de creación de páxina web, presentaríase a idea de crear un espazo de encontro que comezaría con esa sesión de memoria compartida, e ao que se lle daría continuidade con reunións cada certo tempo nas que tratar de forma creativa diversos temas a partir de temáticas e tradicións que saíron nas entrevistas; organizar obradoiros relacionados con TIC, por exemplo, para mellorar as habilidades de uso da cámara ou a gravadora do teléfono móbil co fin de poder crear novos contidos no futuro; ou facer sesións de lectura e visualización de obras relacionadas cas súas vivencias e debatelas entre todas.

Neste sentido, xa se pensaron as catro primeiras accións que se levarían a cabo nestes encontros periódicos⁵. O primeiro encontro sería unha sesión de lectura e debate do libro *Ninguén queda* de Brais Lamela (2022) que versa precisamente sobre o tema da colonización de A Terra Chá e a conexión dos seus colonos con Negueira de Muñiz. Trátase dunha novela que o propio autor describe como híbrida por situarse na marxe entre a realidade e a ficción, e na que o sentimento de desarraigo ocupa un lugar importante. Para esta sesión contactouse co autor, que é orixinal de Vilalba, A Terra Chá, e mostrouse disposto a facer unha colaboración co grupo, polo que a sesión podería xerar un gran interese e a potencial conversa resultar moi enriquecedora para todas as partes. O debate cas mulleres de Veiga de Pumar sobre o libro invitaría a compartir reaccións ante o texto e formular cuestións como que aspectos

⁴ Para ver a invitación que se entregaría ás convidadas para esta xuntanza e a ficha resumo da acción recoméndase a consulta do Apéndice 5.2.

⁵ O plan detallado de accións periódicas inclúese no Apéndice 5.3.

considerarían realidade e ficción, quen queda no espazo da colonización, que significa o desarraigo para cada unha delas, como entenden a pertenza ou non-pertenza a un espazo, etc.⁶

O segundo encontro consistiría nun obradoiro de memoria a partir das fotografías recompiladas. As fotografías antigas conseguidas ata o momento son 53 e a partir dos primeiros encontros poderían seguir aumentando se máis mulleres se animan a compartir algunhas das que dispoñan. Ademais, a autora realizou un total de 25 fotografías actuais que mostran o que permanece e os cambios que experimentaron as explotacións, o centro cívico, as actividades comunitarias, etc. Por iso, inda que non se consigan máis imaxes, xa se dispón de material suficiente para poder traballar varias temáticas durante o obradoiro de memoria. As fotografías clasificaríanse por seccións e traballaríanse en grupos pequenos primeiro, e todo o grupo en conxunto a continuación. A sesión, ou parte dela, podería gravarse para recoller os resultados do obradoiro e poder incorporalos á páxina web⁷. Se se conseguira presuposto suficiente, intentaríase contar con Mariola Mourelo Pérez para completar o obradoiro, nesta ou noutra sesión posterior, cunha formación ca que explorar as posibilidades da fotografía para crear na actualidade un espazo no que as mulleres sigan xerando memoria de forma creativa. A formación entroncaría cos traballos que esta especialista leva facendo dende unha perspectiva de xénero e interseccional co seu proxecto ffotoeduca dende 2009 (Mourelo Pérez, s.d.).

A terceira sesión consistiría nun encontro no que compartir experiencias con mulleres relacionadas co ámbito da colonización de A Terra Chá ou con Negueira de Muñiz dende outro punto de vista. Entre elas convidaríase a mulleres inmigrantes que traballan nos invernadoiros de froitos vermellos que ocupan na actualidade algunhas das fincas de colonización de Arneiro; emprendedoras que crearon nos últimos anos cooperativas en Negueira de Muñiz; mulleres que

⁶ No Apéndice 5.3.1. poden consultarse datos de referencia do libro, tales como reseñas, entrevistas, noticias de prensa sobre a súa publicación e impacto, así como a ficha resumo da actividade.

⁷ No Apéndice 5.3.2. poden verse algúns exemplos das fotografías recuperadas agrupadas en seccións e a ficha resumo da actividade.

se instalaron nalgún dos outros pobos de colonización de A Terra Chá pero non viñan de Negueira de Muñiz, e mulleres que se instalaron nas casas deixadas polos colonos en Negueira de Muñiz. A sesión organizaríase en forma de obradoiro con varias dinámicas que axudasen a favorecer a interacción e a colaboración entre as participantes. Igual que nos casos anteriores, unha parte da sesión podería gravarse como contido para a páxina web⁸.

A cuarta acción consistiría nunha viaxe a Negueira de Muñiz para visitar os pobos dos que proceden varias das mulleres da comunidade. Enténdese como unha actividade de continuación da anterior coa que se busca reforzar os vínculos das mulleres de Veiga de Pumar con aquelas que viven agora en Negueira de Muñiz. Tamén se convidaría ao resto de mulleres participantes no encontro anterior (inmigrantes que traballan nos invernadoiros, veciñas doutros pobos de colonización, etc.) por si quixeran seguir creando comunidade en torno ao espazo e intereses compartidos. Durante a excursión, visitaríanse negocios como a panadería Lento e a Cooperativa Ribeiregas en Ernes, levadas polas mulleres convidadas ao encontro en Veiga de Pumar; faríanse paradas nos pobos e casas dos que proceden as mulleres participantes e organizaríase unha dinámica de grupo na que compartir emocións, preguntas, reflexións, etc. xeradas pola visita. En coordinación cas mulleres de Negueira de Muñiz, faríase una comida comunitaria nalgún dos pobos a visitar na que celebrar o encontro e as pontes tendidas entre dous espazos e dous mundos entrelazados⁹.

Para facer posibles estas accións, así como o desenvolvemento da páxina web, sería preciso conseguir fondos públicos. Neste sentido os concellos de Castro de Rei e Cospeito, así como a Asociación de veciños e veciñas de Veiga de Pumar poderían ser de gran axuda de cara a localizar posibles fontes de financiamento, e xa se conta co seu apoio para cubrir os gastos para a realización do primeiro encontro polo 8M. A súa colaboración e coñecemento previo

⁸ No Apéndice 5.3.3. pode consultarse a ficha resumo da actividade.

⁹ No Apéndice 5.3.4. pode consultarse a ficha resumo da actividade.

contribuirían á eficiencia na captación de subvencións e axudas para garantir tanto a viabilidade do proxecto inicial previsto, como a súa posible extensión máis alá deste tempo. Tamén farían posible o acceso a recursos dirixidos a administracións locais no caso dos concellos, e asociacións sen ánimo de lucro, no da asociación, no caso de que non puidesen ser solicitados por persoas físicas.

En calquera caso, unha das principais fontes potenciais de recursos serían as subvencións para a execución de proxectos da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, que está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, nun 2,5% pola Administración Xeral do Estado e nun 22,5% pola Xunta de Galicia. Calquera persoa ou entidade pode optar a estas subvencións a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) co obxectivo de desenvolver proxectos que dinamicen as súas contornas, podendo ser proxectos de carácter produtivo ou non (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, s.d.). Por iso, contactaríase ca Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Terra Chá GDR-02, que é o GDR que corresponde á zona. Na súa páxina web aparece a convocatoria de axudas Leader e os criterios para a selección e priorización de proxectos. A iniciativa aquí presentada encaixa dentro dos proxectos non produtivos de prioridade alta, xa que fomenta a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, promove o envellecemento activo e a mellora da accesibilidade ás TIC, e envolve actuacións de recuperación patrimonial e etnográfica (Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Terra Chá GDR-2, s.d.). A páxina web ten un apartado de contacto no que animan a presentar ideas, o que permitiría unha primeira aproximación para establecer un diálogo que posibilitase coñecer con máis exactitude a viabilidade de obter todos os fondos necesarios a través desta vía ou explorar outras opcións complementarias (Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Terra Chá GDR-2, s.d.).

En caso de ser preciso acudir a outras fontes a financiamento, exploraríase a convocatoria de subvencións comunitarias fóra do Leader vinculadas ao fomento da igualdade de xénero e a inclusión social. Para localizar este tipo de axudas poderían empregarse páxinas como a Guía de Financiación Comunitaria, que recolle convocatorias diversas clasificadas por temáticas e permite coñecer requisitos, datas límite de solicitude, partidas orzamentarias, etc. Por exemplo, dentro do “Programa Ciudadanos, Igualdad, Derechos y Valores (2021-2027)” existen varias convocatorias entre as que se atopa a “Convocatoria de propostas para promover la igualdad y luchar contra el racismo, la xenofobia y la discriminación. ID: CERV-2023-EQUAL” (Guía de Financiación Comunitaria, s.d.). O proxecto previsto adáptase ao baremo para poder solicitar unha axuda que permita levalo a cabo, o que podería ser outra boa opción de financiamento.

Volvendo á páxina web, unha posibilidade para a súa materialización sería encargar a creación e xestión da páxina a profesionais do sector informático. A labor colaborativa das mulleres podería centrarse en tal caso na parte creativa de decidir que incluír, como presentar e organizar ese patrimonio cultural material e inmaterial da súa comunidade, así como a posible ampliación de contidos a medida que avance o proxecto. Outra posibilidade, á que se lle daría preferencia, sería contar cunha xestora cultural que dinamizase os encontros segundo os obxectivos marcados e a dirección a seguir, e unha persoa especialista en audiovisual que puidese encargarse da xestión da páxina web, as gravacións pertinentes, as sesións de formación ao grupo, etc. Ao configurarse como un proxecto vivo, sería interesante continuar recuperando memoria actual que permita coñecer a evolución e os cambios que se foron producindo co tempo en relación ao proxecto colonizador inicial. Tamén, a xestora cultural podería organizar en colaboración cas mulleres do grupo, actividades, visitas, charlas, etc. con centros educativos de A Terra Chá para aproximar o tema da colonización a outras xeracións e

promover o coñecemento, estudo e divulgación do papel das mulleres na colonización de Veiga de Pumar.

Na configuración da páxina web poderían incluírse seccións diferentes segundo temáticas e formatos, pero sempre tendo en conta a opinión experta do persoal especializado. Potencialmente e como mínimo, sería interesante ter un espazo con vídeos sobre temáticas específicas a partir da agrupación de contidos das entrevistas xa feitas ou outros vídeos que se poidan gravar no futuro. Tamén, unha parte histórica que permita consultar documentos existentes de dominio público sobre diversos aspectos da colonización de Veiga de Pumar e da vida das familias da colonización antes e despois do traslado. Por outra parte, pensouse en incluír unha sección de léxico da zona de Negueira de Muñiz que se conserva en Veiga de Pumar, así como aspectos destacables da variante do galego que se emprega nestes dous espazos distantes entre si pero cun nexo humano que a transmite de xeración en xeración. Finalmente, a inclusión de imaxes podería facerse en distintas partes da páxina para que resulte máis atractiva visualmente, pero tamén podería incorporarse unha sección na que se presenten por temáticas o total de imaxes recompiladas.

Ao tratarse dun proxecto vivo, as posibilidades de continuidade e ampliación do ámbito do mesmo dependerán da acollida que este teña entre a poboación de Veiga de Pumar, en primeiro lugar, e no resto dos pobos da colonización de A Terra Chá en momentos posteriores se chega a medrar como se desexaría. A historia das mulleres da colonización de Veiga de Pumar podería verse enriquecida polas historias das mulleres de Arneiro, Matodoso e a Espiñeira, dando un carácter máis global ao proxecto. Tamén, o seu alcance dependerá dos orzamentos e axudas ás que se poida acceder, así como de colaboracións transversais con outras asociacións, institucións ou persoas de diferentes sectores con interese neste ámbito espacial e histórico que favoreza a posta en valor do mesmo non só dende o punto de vista sociocultural, senón tamén histórico ou arquitectónico. Por exemplo, entre a documentación consultada para

a elaboración deste TFM, no ámbito de arquitectura Iglesias Martínez despois de analizar a realidade a colonización de A Terra Chá formulou unha proposta de intervención coa que dar un novo uso a estes núcleos por considerar que teñen un valor especial pola memoria que posúen ao ser pobos de colonización (2020). Na proposta defende a necesidade de rehabilitación e revitalización dos mesmos preservando as construcións orixinais do Plan de Colonización e a divulgación da súa historia e memoria. Suxire varias medidas para a reactivación económica e cultural da zona e entre elas inclúe “la rehabilitación del centro social de cada núcleo, como lugar de relación de los vecinos y apoyo a la población envejecida [e] la creación de un centro de interpretación de la colonización del lugar y oferta de actividades turísticas” (Iglesias Martínez, 2020, p. 10). Tal proposta podería ser unha forma de ampliar o proxecto que aquí se presenta e pon de manifesto o potencial que a posta en valor desta memoria pode ter como un primeiro paso para a dinamización da zona en beneficio da poboación local e foránea, así como na preservación dun patrimonio material e inmaterial que non conta ca protección que garanta a súa persistencia no tempo. Ademais, o feito de ser un proxecto colaborativo que parte da implicación activa das mulleres de Veiga de Pumar axudaría a que o camiño que sega a evolución do mesmo sexa decidido localmente e non imposto unha vez máis por axentes externos. Considérase que é esta a mellor forma de garantir un desenvolvemento cultural sostible que permita protexer e difundir o patrimonio material e inmaterial da colonización de Veiga de Pumar, e quizais nun futuro o de toda A Terra Chá.

3. Conclusións

A selección do tema deste TFM partiu do interese por comprender a realidade dun proceso histórico único a través da memoria das súas protagonistas, ata o de agora non escoitadas. Supón a culminación da aprendizaxe lograda durante o Máster en Servizos Culturais da Universidade de Santiago de Compostela (USC) ao permitir aplicar os

coñecementos adquiridos a un proxecto que ten un gran valor e interese para a comunidade que o conforma e da que son parte.

Foi a exploración de concepcións do que é cultura inclusivas que recoñecen e visibilizan aos actores locais do territorio como elemento clave para o desenvolvemento cultural sostible, tales como as expresadas por Néstor García Canclini (2000), as que animaron a formulación dun proxecto que busca aproveitar a potencialidade do elemento endóxeno para a reconstrución cultural do espazo público e a protección dos intereses sociais desa comunidade. A memoria das mulleres da colonización de Veiga de Pumar configúrase como o punto de partida dun proxecto de resistencia á hexemonía que busca dar protagonismo e visibilidade ao papel que estas mulleres tiveron no proceso e compensar a súa tradicional exclusión no relato da colonización. Permite, en definitiva, ofrecer unha aproximación privilexiada ao proceso de colonización mediante a participación activa das mulleres que o viviron en primeira persoa. Deste xeito, o proxecto ofrece a posibilidade de crear comunidade en torno á memoria feminina da colonización mediante a recuperación dun patrimonio único en risco de desaparecer e, ao mesmo tempo, dar o primeiro paso na revitalización do espazo histórico da colonización.

Este traballo de recuperación de memoria supón ademais a colaboración co grupo de investigación HISTAGRA (Historia Agraria e Política do Mundo Rural. Séculos XIX e XX) da USC, que ven desenvolvendo unha importante labor de recuperación de memoria a través do rexistro da voz das persoas protagonistas nos ámbitos da historia agraria, política e social do mundo rural galego (HISTAGRA, s.d.). Todas as gravacións feitas foron incorporadas ao arquivo “Terra e memoria” deste grupo, enriquecendo o material dispoñible para a investigación académica futura sobre o proceso de colonización de A Terra Chá.

En definitiva, a proposta de acción cultural que aquí se presenta constitúe un proxecto vivo que xa botou a andar e dar os seus primeiros froitos. Nos próximos meses verase o alcance que as protagonistas da iniciativa queiran conferirlle e, a partir de aí, procederase a darlle forma

ao aquí presentado. Do que non cabe dúbida é de que esta recuperación inicial de memoria xa lle aportou un novo valor ao patrimonio compartido polas experiencias de vida destas mulleres. Un activo de valor incalculable para a comunidade de Veiga de Pumar, en particular, e para a sociedade de A Terra Chá e Galiza, en xeral, ao constituír unha parte da nosa historia e cultura que merece ser protexida, defendida e divulgada.

4. Bibliografía citada

- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (s.d.). *Axudas Leader*. Recuperado o 7 de xaneiro de 2023 de <https://agader.xunta.gal/gl/linas-de-axuda/axudas-leader>
- A memoria das Mulleres* (s.d.). Maos, Innovación social. S. Coop Galega. Recuperado o 20 de maio de 2022 de <https://maos.gal/portfolio/a-memoria-das-mulleres/>
- Bosque Maurel, J. (1984). Del INC al IRYDA: análisis de los resultados obtenidos por la política de colonización posterior a la guerra civil. *Agricultura y sociedad*, 32, (pp. 153-191).
- Cabana Iglesia, A. (2008). Lo que queda de las agras. La evolución del paisaje agrario en Galicia: A Terra Chá (1954-1968). *Ager. Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, 7, (pp. 36-58).
- Cabana Iglesia, A. (2010). De uces a praderías. As paisaxes impostas pola política de colonización franquista. En Pérez Moreira, R. e López González, F. J. (coord.), *Cultura e paisaxe*. (pp. 135-156)
- Cabana Iglesia, A. (2020). Sisar lugares en tramas forzadas: habitar los pueblos de colonización en Galicia. En Lanero Táboas, D. (coord.), *De la chabola al barrio social: Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)* (pp. 161-184). Comares.
- Campoí García, Comba (2016). *O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas: o caso do espectáculo de Barriga Verde na Galiza da postguerra (1939-1960)*. (URI: <http://hdl.handle.net/10347/14577>) [Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela]. Minerva, Repositorio Institucional da USC.
- Cardesín Díaz, J. M. (1987). Política agraria y transformaciones en la agricultura gallega: La zona de colonización de Terra Chá (1954-1973). *Agricultura y sociedad*, 44, (pp. 243-280).

- Do gris ao violeta*. (s.d.). Do gris ao violeta. Recuperado o 20 de maio de 2022 de <http://www.dogrisaovioleta.gal/>
- Fálame de San Sadurniño* (s.d.). Fálame de San Sadurniño. Recuperado o 10 de outubro de 2022 de <https://www.falamedesansadurnino.org/>
- García Canclini, N. (2000): Políticas Culturales en tiempos de globalización. *Revista de Estudios Sociales*, 5, (pp. 50-62).
- Guía de Financiación Comunitaria (s.d.). *Inicio*. Recuperado o 7 de xaneiro de 2023 de <https://www.guiafc.es/>
- HISTAGRA, Historia Agraria e Política do Mundo Rural. Séculos XIX e XX (s.d.). Recuperado o 10 de decembro de 2022 de <https://histagra.usc.es/gl>
- Iglesias Martínez, T. (2020). *Pueblos de colonización en A Terra Chá, Lugo. Investigación e intervención para su revitalización*. (URI: <http://uvadoc.uva.es/handle/10324/44157m>) [Traballo fin de Máster, Universidade de Valladolid, Escola Técnica Superior de Arquitectura]. UVaDoc, Repositorio Documental da Universidade de Valladolid.
- Lamela, B. (2022). *Ningún queda*. Rúa do Lagarto. Euseino?
- Lanero Táboas, D. (2018). *El disputado voto de los labriegos: cambio, conflicto y continuidad política en la España rural (1968-1986)*. Editorial Comares.
- López Pombo, L. (1994). *Municipio de Negueira de Muñiz*. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial.
- López Rodríguez, G. (2019). *Las Tierras de Negueira de Muñiz*. Ayuntamiento de Negueira de Muñiz.
- Llamazares, J. (2015). *Distintas formas de mirar el agua*. Alfaguara.
- Mendoza, V. (s.d.). *Detendrán mi río. Desarraigo y memoria en un rincón de la España sumergida*. Recuperado o 18 de outubro de 2022 de <https://detendranmirio.com/>

- Mendoza, V. (2021). *Detendrán mi río. Desarraigo y memoria en un rincón de la España sumergida*. Libros del K.O.
- Mourelo Pérez, M. (s.d.). *ffotoeduca: educación feminista a través da fotografía*. Recuperado o 3 de xaneiro de 2023 de <https://ffotoeduca.com/sobre-ffotoeduca/>
- Spivak, G. (1988). Can the Subaltern Speak? En Nelson, C. e Grossberg, L. (eds.), *Marxism and the Interpretation of Culture*. (pp. 271-313). Macmillan.
- Teño unha horta en San Sadurniño* (s.d.). Home [Canle de YouTube]. Recuperado o 10 de outubro de 2022 de <https://www.youtube.com/channel/UCgYziuQ0VFEO0XRjhZy9gNQ>
- Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Terra Chá GDR-2* (s.d.). Inicio. Recuperado o 7 de xaneiro de 2023 de <http://www.terrachanaturalmente.org/index.html>
- Zas Gómez, E. (2002). A Terra Chá de Lugo, un caso atípico de poblado INC. En Pozo Muncio, J. M. e López Trueba, I. (eds.), *Arquitectura, ciudad e ideología antiurbana: Actas del congreso internacional: Pamplona, 14-15 marzo 2002* (pp. 197-203). Escuela Técnica Superior de Arquitectura Universidad de Navarra.

5. Apéndices

5.1. Guión de preguntas para as entrevistas

GRUPO 1: Mulleres que se trasladaron a Veiga de Pumar e seguen vivindo alí

Orixe:

1. Cal é a túa data de nacemento e onde naciches? Viviches sempre nese lugar ata vir para Pumar? Era a túa familia de alí ou tamén se mudaran dende outros lugares? Erades moitos na familia?
2. A que se adicaba a túa familia? (gandeiros, agricultores, algún artesán -zoqueiro, ferreiro...)
3. Ata que idade estiveches alí?
4. Como recordas a vida alí? Que era o que máis che gustaba de vivir aló? E o que menos?
5. Tes moitos recordos de cando vivías aló? Tes algún recordo especialmente vivo (bo ou malo) dese tempo aló?
6. Como era o día a día en [nome do pobo]? Que tarefas lle correspondían a una muller? Que facías nun día normal (Tes recordos da escola? A que axudabas nas labores da casa ou no agro?)
7. E para divertirvos que facíades neses anos que pasaches aló (festas, xuntanzas, tarefas colectivas...)? Había moitas tarefas/actividades que fixera a veciñanza xunta? E as mulleres xuntas soas sen homes?
8. Que idade tiñas cando viñeches para Pumar e cal era a túa situación familiar (casada, fillos/as, etc.?)
9. Por que deixar Negueira? Que propiciou a saída?
10. Que che parecía a ti a idea de marchar de Negueira? Como foi o teu papel na toma desa decisión?

11. E pasados os anos aínda te sintes de Negueira ou xa totalmente de A Terra Chá e de Pumar?

O comezo en Veiga de Pumar:

1. Ti querías vir ou non? Por que? Que era o que che metía máis medo? E a maior ilusión? Na casa houbo moitas dúbidas de se virvos a Pumar ou non?
2. Que sabías de A Terra Chá e do Plan de Colonización antes de vir para Pumar? E por quen te enterache de que existía?
3. Preguntas sobre saír de Negueira: trouxestes cousas da casa? que cousas e como as transportastes? Veu toda a familia xunta?
4. Como era todo cando chegaches aquí? Que che sorprendeu máis do que atopaches ao chegar a Pumar? Como era a casa na que te instalaches (interior/exterior)? En que se diferenciaba da casa na que vivías en Negueira? Había algo que che resultara incómodo de como era a casa? E que era o mellor?
5. Tivestes que comprar cousas para casa e para traballar a terra? Que cousas e onde as comprastes?
6. E como fostes cambiando a casa? Que vos resultaba incómodo de como era a casa orixinalmente?
7. Como foi o trato ca veciñanza dos pobos arredor?
8. Hai alguén que sintas que che axudara/te apoiara especialmente durante a transición de instalarvos aquí e acostumarvos a unha nova vida?
9. Coñecías a outras familias que se instalaran antes que vos en Arneiro, Matodoso ou A Espiñeira? De que?
10. Cal era o papel das autoridades do INC-IRYDA? Que facían? E os capataces e demáis encargados?

11. Cales eran as condicións que vos ofrecía o INC-IRYDA para comezar aquí? Que dereitos e deberes tiñades nun principio?
12. Era posible introducir cambios nas pautas marcadas polos técnicos para adaptalas ás vosas preferencias (vender excedentes ou maquinaria non usada, tipos de cultivos, gando, cambios ou engadidos nas casas, etc.)? Por que? Foi sempre así? E facíanse ese tipo de cousas inda que non estivese permitido? Coñeces algún exemplo específico?
13. Como foi o proceso de acostumarse aos novos espazos da casa (baños, sala, cociñas...) e da explotación (silos, alpendres, cortes...)? Foi sinxelo usar todos eses espazos ou había algún que non empregades moito?
14. Como era o día a día en Pumar? Cambiaron moito as tarefas que lle correspondían a una muller ou eran similares ás responsabilidades en Negueira? Que facías nun día normal?
15. Emigrou algunha persoa da túa familia despois de viredes para Pumar? Por que moitas persoas tiveron que emigrar ou irse ás cidades?
16. Confiabas nas promesas do INC-IRYDA de que chegaríades a ser propietarios das terras e casas que vos facilitou?
17. Tiñas medo a ser expulsados? Con que había que cumprir para non ser expulsado? Sabes dalgún caso no que algunha familia/persoa fora expulsado/a? Recordas o motivo? Como che fixo sentir iso?
18. Se unha muller soa quería facerse cargo da propiedade (porque morrera o marido, fora detido, ou outras razóns) permitíanllo? Sabes dalgún caso no que se fixera?
19. Que recordas da mestra? E do maioral? E do párroco? Cal é o teu recordo de como levaban a cabo as súas funcións/de cal era o seu poder?
20. Parecíache que facían moito control sobre as vosas vidas aquí na colonización?

21. Como e onde socializabades dende que viñestes para Pumar? Que tipo de actividades sociais había que foran boas ocasións para ver á veciñanza?
22. Que relación tiñas con outras mulleres de Pumar, coas da colonización e con veciñas doutras parroquias non colonas?
23. Relación, se a había, coa sección feminina: viñeron dar charlas? había alguén da colonización metido? chegaban revistas?
24. Cambiou Pumar desde que rematou a ditadura ou noutro momento? En que aspectos? Houbo algún acontecemento que recordes en especial?

A actualidade:

1. Pensas que mellorou a túa vida despois de vir para Pumar? En que sentido?
2. Como pensas que influíu o feito de viredes todas as familias de Negueira a instalarvos en Pumar na forma de socializar?
3. Xa tiñades relación cando estabades aló cas mesmas familias?
4. Como é distinta a vida en Pumar hoxe de cando chegastes?
5. Sentes que hai moita comunidade entre a veciñanza? Por que? Cambiou isto co tempo ou sempre foi así?
6. Hoxe moita menos xente vive aquí e case todas as novas xeracións que nacemos aquí residimos noutros sitios, cal pensas que é o futuro de Pumar?
7. Sentes moito apego a Pumar? Por que pensas que é así?
8. Hai algo que che produce rexeitamento de Pumar?
9. E a Negueira, sentes moito apego? Tes algo que te vincule inda a aló? Se puideras, volverías a vivir alí hoxe? E hai algo que che produce rexeitamento de Negueira?
10. Hai algunha outra cousa que queiras compartir que penses que non tratamos durante a nosa conversa e consideras relevante?

GRUPO 2: Mulleres que se trasladaron a Veiga de Pumar e xa non viven alí

Orixe:

Igual que para o Grupo 1 excepto a pregunta 11, que non se formulou.

O comezo en Veiga de Pumar

Igual que para o Grupo 1.

A actualidade

1. Pensas que mellorou a túa vida despois de ir para Pumar? En que sentido?
2. Como pensas que influíu o feito de iredes todas as familias de Negueira a instalarvos en Pumar na forma de socializar?
3. Xa tiñades relación cando estabades aló cas mesmas familias?
4. Que te levou a marchar de Pumar?
5. Gustaríache volver a instalarte en Pumar algún día? Por que?
6. Hai algo que botas de menos dos anos nos que viviches en Pumar?
7. Inda que xa non vives alí, como che parece que é distinta a vida en Pumar hoxe de cando chegastes?
8. Sentes que hai moita comunidade entre a veciñanza? Por que? Cambiou isto co tempo ou sempre foi así?
9. Hoxe moita menos xente vive alí e case todas as novas xeracións que nacemos alí residimos noutros sitios, cal pensas que é o futuro de Pumar?
10. Sentes moito apego a Pumar? Por que pensas que é así?
11. Hai algo que che produce rexeitamento de Pumar?
12. E a Negueira, sentes moito apego? Tes algo que te vincule inda a aló? Se puideras, volverías a vivir alí hoxe? E hai algo que che produce rexeitamento de Negueira?

13. Hai algunha outra cousa que queiras compartir que penses que non tratamos durante a nosa conversa e consideras relevante?

GRUPO 3: Mulleres de A Terra Chá que casaron con colonos

Orixe:

Igual que para o Grupo 1 pero só se formularon as preguntas 1-8.

A chegada dos colonos e o traslado a Veiga de Pumar

1. Que sabías do Plan de Colonización antes de que foras vivir a Pumar? E por quen te enteraches de que existía?
2. Que opinaba a xente do Plan? E unha vez que chegaron os colonos, que opinaban deles? Tiñan unha actitude favorable cara esa xente vida de lonxe?
3. Ti que opinabas? Que sentías cara esa xente?
4. Sentes que fuches a contracorrente casándote cun colono ou era algo normal?
5. Que opinaba a túa familia sobre a túa decisión de casar cun colono?
6. Pensas que os anos que viviches ca túa familia en [nome do pobo] foron importantes para formar a túa identidade? E como lle afectou a esa identidade o mudarse a Pumar? Como foi a transición ao novo estilo de vida?
7. Como era todo cando chegaches a Pumar? Que che sorprendeu máis do que atopaches ao chegar a Pumar?
8. Como era a casa na que te instalaches (interior/exterior)? En que se diferenciaba da casa na que vivías antes? Había algo que che resultara incómodo de como era a casa orixinalmente? E que era o mellor?

9. Como foi o proceso de acostumarse aos novos espazos da casa (baños, sala, cociñas...) e da explotación (silos, alpendres, cortes...)? Foi sinxelo usar todos eses espazos ou había algún que non empregades moito? E como fostes cambiando a casa?
10. Como era o día a día en Pumar? Cambiaron moito as tarefas que lle correspondían a una muller ou eran similares ás responsabilidades en [nome do pobo]? Que facías nun día normal?
11. Por que moitas persoas das familias que viñeron para A Terra Chá tiveron que emigrar ou irse ás cidades despois de instalarse aí?
12. Que sabías das condicións que ofrecía o INC-IRYDA para os que comezaban en Pumar? Que dereitos e deberes había nun principio?
13. Confiabas nas promesas do INC-IRYDA de que chegaríades a ser propietarios das terras e casas que facilitara?
14. Tiñas medo a ser expulsados? Con que había que cumprir para non ser expulsado? Sabes dalgún caso no que algunha familia/persoa fora expulsado/a? Recordas o motivo? Como che fixo sentir iso?
15. Se unha muller soa quería facerse cargo da propiedade (porque morrera o marido, fora detido, ou outras razóns) permitíanllo? Sabes dalgún caso no que se fixera?
16. Que recordas da mestra? E do maioral? E do párroco? Cal é o teu recordo de como levaban a cabo as súas funcións/de cal era o seu poder?
17. Parecíache que facían moito control sobre as vosas vidas aquí na colonización?
18. Como e onde socializabades dende que viñeches para Pumar? Que tipo de actividades sociais había que foran boas ocasións para ver á veciñanza?
19. Que relación tiñas con outras mulleres de Pumar, coas da colonización e con veciñas doutras parroquias non colonas?

20. Relación, se a había, coa sección feminina: viñeron dar charlas? había alguén da colonización metido? chegaban revistas?
21. Cambiou Pumar desde que rematou a ditadura ou noutro momento? En que aspectos? Houbo algún acontecemento que recordes en especial?
22. (Para a que marchou de Pumar) Cando marchaches de Pumar? Para onde marchaches? Que te levou a marchar?
23. E pasados os anos aínda te sentes de [pobo] ou xa totalmente de Pumar [ou lugar no que viva]?

A actualidade

1. Pensas que mellorou a túa vida despois de vir/ir para Pumar? En que sentido?
2. Como pensas que influíu na forma de socializar o feito de que as familias que se instalaram en Pumar viñeran todas de Negueira?
3. Como che resultou a adaptación en Pumar?
4. Sentías que te trataban diferente por non vir de Negueira?
5. Como é distinta a vida en Pumar hoxe de cando te instalaches alí?
6. Sentes que hai moita comunidade entre a veciñanza? Por que? Cambiou isto co tempo ou sempre foi así?
7. Hoxe moita menos xente vive aquí e case todas as novas xeracións que nacemos aquí residimos noutros sitios, cal pensas que é o futuro de Pumar?
8. Sentes moito apego a Pumar? Por que pensas que é así?
9. Hai algo que che produce rexeitamento de Pumar? E do teu pobo de orixe?
10. Hai algunha outra cousa que queiras compartir que penses que non tratamos durante a nosa conversa e consideras relevante?

5.2. Primeira acción cultural: xuntanza reivindicativa da memoria feminina

Face da invitación para a primeira xuntanza:



*Celebrando as
MEMORIAS DAS
MULLERES DA
COLONIZACION
Veiga de Pumar
8 M-2023*

No envés da invitación incluíriase escrito a man o seguinte texto:

Estimada [nome da convidada]:

Durante o proceso de entrevistas a mulleres da colonización de Veiga de Pumar que arrancou fai uns meses xurdiu a proposta de darlle continuidade ao proxecto mediante algún tipo de xuntanza colectiva na que poder compartir impresións sobre as entrevistas e os recordos por elas despertados. Tamén, sería unha boa ocasión para falar sobre o potencial uso que lle podemos dar a ese material para crear comunidade en torno á memoria compartida. Por iso, quería convidarte o próximo día 8 de marzo de 2023 ás 17:00 a unha xuntanza na antiga escola de Veiga de Pumar para empezar a darlle forma a esas ideas e celebrar o Día Internacional da Muller dando visibilidade ao noso proxecto de recuperación de memoria feminina. Teremos café e té para facer máis ameno o encontro, e se queres traer algo que che guste cociñar para compartir, será benvido (mais non é necesario).

Moitas gracias por adiantado pola túa participación.

Zaida.


Fotografías das entrevistas: xunto coa invitación para a xuntanza do 8M entregaríase a imaxe correspondente a cada convidada como mostra de agradecemento polo seu tempo e recordo da memoria compartida.



Ficha resumo da acción:

Nome do evento	Xuntanza reivindicativa da memoria feminina polo 8M	
Data e duración	8 de marzo de 2023 (aproximadamente 2 horas)	
Lugar	Antiga escola de Veiga de Pumar	
Número de asistentes	15-20	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">- Compartir impresións sobre o proceso de memoria activado polas entrevistas.- Valorar que facer co material recompilado.- Dialogar cunha convidada experta en materia de recuperación de memoria feminina para xerar ideas coas que avanzar no proxecto.- Debater propostas coas que crear comunidade.- Presentar e valorar a idea de creación dun espazo de encontro mediante reunións periódicas e dunha páxina web na reflexar o traballo comunitario.	
Descrición	<p>Este primeiro encontro tería un carácter informal de celebración, pero require unha certa planificación por parte das facilitadoras para que o debate sexa o máis frutífero posible. Nun primeiro momento facilitaríase a conversa sobre o proceso de entrevistas a partir de temáticas recorrentes. Empregaríase un vídeo breve sobre momentos clave das entrevistas para que se viran unhas a outras e tamén a si mesmas. Seguiría unha conversa ca convidada na que presente o seu proxecto e posibilidades para o noso grupo. Finalmente, procederíase ao debate de propostas e toma das primeiras decisións.</p>	
Fondos precisos (cálculo aproximado)	Facilitadoras (xestora cultural e xestora audiovisual)	300 euros
	Café, té e materiais de traballo	25 euros
	Transporte convidada	25 euros
	TOTAL:	350 euros

5.3. Acci3ns culturais peri3dicas



**PLAN DE ACCI3NS
PERI3DICAS**

ACCI3N 1: "NINGU3N QUEDA E OUTRAS
PERSOAS VIR3N". SESI3N DE LECTURA E
DEBATE CON BRAIS LAMELA

ACCI3N 2: "RECORDANDO CA RETINA".
OBRADOIRO DE MEMORIA CON FOTOGRAF3AS

ACCI3N 3: "TENDENDO PONTES EN FEMININO".
ENCONTRO SOBRE EXPERIENCIAS DIVERSAS
NUN ESPAZO COMPARTIDO


ACCI3N 4: "VOLVER AO PUNTO DE PARTIDA".
VISITA A NEGUEIRA DE MUÑIZ

2023/2024

5.3.1. Acción 1: “Ninguén queda e outras persoas virán”

Sesión de lectura e debate con Brais Lamela

Libro: <https://euseino.org/rua-do-lagarto-2/ninguen-queda/>



Reseñas:

Xosé Manuel Eyré, en *Ferradura en Tránsito II*, 28 de xullo de 2022:

<https://ferradura.blog/2022/07/28/critica-de-ninguen-queda-de-brais-lamela-na-nova-coleccion-rua-do-lagarto-de-euseino/>

David Rodríguez, *Nós Diario*, 19 de agosto de 2022:

<https://www.nosdiario.gal/opinion/david-rodriguez/cronicas-do-desarraigo/20220818203253150277.html>

Noticias de prensa sobre o libro:

Colonos que se desorientan na noite, Jaureguizar, *Galiciea*, *El Progreso*, 9 de agosto de 2022:

<https://www.galiciae.com/opinion/jaureguizar/colonos-que-desorientan-noite/20220802161506094310.html>

“Los 15 grandes éxitos literarios del verano en Galicia”, por Ana Abelenda, Fugas, *La Voz de Galicia*, 12 de agosto de 2022: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2022/08/12/exitos-literarios-verano-galicia/0003_202208SF12P1991.htm

Entrevistas ao autor:

Brais Lamela: “O que queda non é politicamente neutro, pódese activar”, por Dolores Vilavedra, Diario Cultural, *Radio Galega*, 8 de agosto de 2022:

<http://www.diariocultural.gal/radio-galega/brais-lamela-autor-de-ninguen-queda-o-que-queda-non-e-politicamente-neutro-podese-activar/>

Brais Lamela: “Vivir nun lugar propio pode ser un acto de vangarda”, por Carme D. Prol, Fugas, *La Voz de Galicia*, 29 de agosto de 2022:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2022/08/26/span-langglvivir-nun-lugar-propio-pode-acto-vangardaspan/0003_202208SF26P5991.htm

Brais Lamela: “É posible construír pertenza sen reificar ningunha idea purista sobre o que é un fogar”, *Praza*, 9 de decembro 2022:

<https://praza.gal/cultura/e-posible-construir-pertenza-sen-reificar-ningunha-idea-purista-sobre-o-que-e-un-fogar>

Presentación do libro en O Vello Cárcere, Lugo:

Este encontro tivo lugar o 14 de decembro de 2022 e permitiu entrar en contacto co autor, falarlle do proxecto e ofrecerlle a posibilidade de colaborar co grupo de mulleres da colonización de Veiga de Pumar, algo cara o que mostrou un gran interese e permitiu dar forma a sesión de lectura e debate.



Presentación en Lugo de “Ninguén queda”. Onte, martes, @BraisLamela asinou exemplares e conversou coa escritora @Ce_FerSan, editora voluntaria da Fundación Euseino? Beizón ás persoas asistentes, ao Centro Sociocultural @o_vello_carcere e a @LibreriaTrama .



19:36 · 12/14/22 · Twitter for iPhone



Ficha resumo da acción:

Nome do evento	“Ninguén queda e outras persoas virán”: sesión de lectura e debate con Brais Lamela	
Data e duración	Xuño de 2023 (aproximadamente 2 horas)	
Lugar	Antiga escola de Veiga de Pumar	
Número de asistentes	15-20	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Enriquecer o traballo de memoria activado polas entrevistas mediante a lectura dunha novela relacionada co tema. - Debater a novela co seu autor para compartir impresións, reaccións e experiencias. - Completar o debate con cuestións relacionadas con sentimentos como desarraigo, pertenza, fogar, etc. 	
Descrición	<p>A sesión comezaría cunha breve presentación do autor e das participantes. Estas terían lido o texto antes da data do encontro e tamén se lles pediría que anotaran posibles preguntas ou reflexións inspiradas polo mesmo. Deste xeito, facilitaríase o debate. En calquera caso, a xestora cultural tería preparado un guión de dinamización para axudar a que a sesión fluíra sen problema. Para organizar a sesión, contactaríase co autor para planificar as dinámicas a seguir.</p>	
Fondos precisos (cálculo aproximado)	Facilitadoras (xestora cultural e xestora audiovisual)	300 euros
	Libros	100 euros
	Café, té e materiais de traballo	25 euros
	TOTAL:	425 euros

5.3.2. Acción 2: “Recordando ca retina”

Obradoiro de memoria con fotografías.

A continuación inclúense algunhas das fotografías que serían empregadas durante o obradoiro agrupadas por seccións, así como a ficha resumo da acción cultural.

A) Exemplos de fotografías recuperadas

- A vida en Negueira de Muñiz



- As explotacións de Veiga de Pumar



- O centro cívico



- A escola



- As xuntanzas



- O traballo



B) Exemplos de fotografías actuais

- A paisaxe de Negueira de Muñiz



- Construccions de Negueira de Muñiz



- A paisaxe de Veiga de Pumar



- A arquitectura da colonización



- Novos usos dos espazos



Ficha resumo da acción:

Nome do evento	“Recordando ca retina”: obradoiro de memoria con fotografías	
Data e duración	Setembro de 2023 (aproximadamente 2 horas)	
Lugar	Antiga escola de Veiga de Pumar	
Número de asistentes	15-20	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Traballar o proceso de memoria de maneira colectiva a partir de imaxes. - Fomentar o sentimento de comunidade e sororidade mediante o traballo creativo colaborativo. - Reflexionar sobre os sentimentos e recordos activados polas imaxes. - [de poder contar con Mariola Mourelo Pérez] Aprender a usar a fotografía como medio de expresión creativa feminina e xeración de memoria. 	
Descrición	A xestora cultural dinamizaría a sesión para sacar o maior partido posible ás imaxes recompiladas (antigas e actuais) mediante o traballo en parellas, grupos pequenos e todas as participantes xuntas. Mediante distintas tarefas sinxelas buscaríase favorecer o recoñecemento de persoas, momentos, e reactivación de recordos que as imaxes poidan xerar entre as participantes. Deste xeito, intentaríase facer unha reconstrución da memoria de maneira colaborativa.	
Fondos precisos (cálculo aproximado)	Facilitadoras (xestora cultural e xestora audiovisual)	300 euros
	Café, té e materiais de traballo	25 euros
	TOTAL:	325 euros

5.3.3. Acción 3: “Tendendo pontes en feminino”

Encontro sobre experiencias diversas nun espazo compartido.

Ficha resumo da acción:

Nome do evento	“Tendendo pontes en feminino”: encontro sobre experiencias diversas nun espazo compartido	
Data e duración	Decembro de 2023 (aproximadamente 3 horas)	
Lugar	Centro social de Veiga de Pumar (antiga escola)	
Número de asistentes	20-30	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Compartir experiencias de vida con mulleres relacionadas co ámbito da colonización de A Terra Chá ou con Negueira de Muñiz dende outro punto de vista. - Participar en pequenos grupos de reflexión para desmontar estereotipos e fomentar o coñecemento mutuo. - Celebrar a diversidade e a colaboración entre mulleres para tender pontes entre distintos grupos sociais. 	
Descrición	<p>A sesión comezaría con actividades de presentación creativas en parellas e pequenos grupos. Unha vez que todas as mulleres se coñeceran, participarían en pequenas tarefas colaborativas que permitiran compartir experiencias de vida e tratar de buscar semellanzas e diferencias entre unhas e outras. Presentaríanse tamén xogos de rol e proxectos a desenvolver de maneira cooperativa e creativa en grupos diversos co fin de valorar o aporte que poida facer cada unha delas dende a súa experiencia e opinión. Para rematar, celebraríase a xuntanza compartindo receitas dos pratos que cada unha decidira traer e comezaríase a pensar na visita a Negueira de Muñiz para o seguinte encontro.</p>	
Fondos precisos (cálculo aproximado)	Facilitadoras (xestora cultural e xestora audiovisual)	300 euros
	Transporte para convidadas (quilometraxe)	200 euros
	Café, té e materiais de traballo	25 euros
	TOTAL:	525 euros

5.3.4. Acción 4: “Volver ao punto de partida”

Visita a Negueira de Muñiz.

Ficha resumo da acción:

Nome do evento	“Volver ao punto de partida”: visita a Negueira de Muñiz	
Data e duración	Marzo de 2024 (día completo)	
Lugar	Saída dende Veiga de Pumar en autobús pola mañá cedo e regreso a última hora da tarde.	
Número de asistentes	15-20	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzar os vínculos entre as mulleres que se coñeceron na sesión anterior en torno a espazos e intereses compartidos. - Visitar os pobos dos que procedan as participantes e varios negocios en funcionamento en Negueira de Muñiz. - Compartir impresións, emocións, preguntas, reflexións, etc. sobre as visitas realizadas durante a excursión mediante varias dinámicas de grupo. - Celebrar as pontes tendidas entre dous espazos e dous mundos entrelazados cunha comida comunitaria. 	
Descrición	<p>Sairíase a primeira hora da mañá de Veiga de Pumar en autobús. Durante a última fase da viaxe empezaría cunha dinámica para traballar as expectativas e as emocións xeradas pola viaxe. Faríanse paradas nos pobos de Santalla, Foxo, Barcela e Ernes. As mulleres de Negueira de Muñiz uniríanse na primeira desas paradas para compartir as sensacións experimentadas polas visitantes e os recordos desencadeados por eses espazos. A xestora cultural dinamizaría as visitas a partir dunha planificación previa con cada unha das mulleres orixinarias dos pobos visitados. En Ernes liderarían a visita as responsables da panadería Lento e da cooperativa Ribeiregas, ás que se lles pediría colaborar na organización do xantar comunitario. Despois do xantar faríanse varias dinámicas de grupo para compartir as impresións de cada unha das participantes e celebraríase a comunidade xerada por todas e cada unha delas.</p>	
Fondos precisos (cálculo aproximado)	Facilitadoras (xestora cultural e xestora audiovisual)	300 euros
	Transporte (ver presuposto no seguinte apartado)	407 euros
	Comida	250 euros
	TOTAL:	957 euros

Presuposto para o transporte solicitado á empresa Autocares Darriba:



Muimenta, a 23 de Xaneiro 2023

EMITIDO POR: MARISA DARRIBA

B - 27155738
Avda. Villalba nº 28
27377 Muimenta - Lugo
Tífono: 982 528 028 – 982 108 010
Fax: 982 528 126

PRESUPOSTO

CLIENTE: Zaida Villanueva García
REFERENCIA: 257/22

Nº prazas: 15-20

Data do servizo: por concretar

Percorrido:

Saída as 9:30 horas da mañá de Veiga Do Pumar (Cospeito) con destino a Negueira de Muñiz, visitas e regreso.

IMPORTE (IVE INCLÚIDO): 407,00 €

APROBADO POR: JOSÉ DARRIBA



PRESUPUESTO, SEGÚN REGLAMENTO VIGENTE DE TIEMPOS DE CONDUCCIÓN Y DESCANSO

Registro Mercantil de Lugo, Tomo 172, Libro 0, Folio 167, Hoja LU-1.312, Inscripción 2, sección 8